

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA XLV EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA EDUARDO BLANCO-AMOR, CORRESPONDENTE AO ANO 2026*

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación das bases reguladoras e convocatoria da XLV edición do Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor, correspondente ao ano 2026.

**1º. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria da XLV edición do Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor, correspondente ao ano 2026, co suxeición ás seguintes cláusulas:**

Primeira. Participantes

Poderán participar no premio as persoas maiores de idade, de calquera nacionalidade, que presenten novelas orixinais, inéditas, non premiadas en ningún outro certame, nin publicadas ou rexistradas, total ou parcialmente, escritas en lingua galega coa normativa ortográfica vixente.

Non se poden presentar os/as autores/as premiados/as en edicións anteriores.

A Deputación de Ourense e a Fundación Blanco-Amor non se farán responsables das posibles denuncias de plaxio, que deberán dilucidar os afectados. Os participantes terán a obriga de comunicarlle á organización a concesión doutros galardóns que obteña a obra presentada. No momento no que esta situación se produza, serán excluídos.

Segunda. Presentación

A obra, acompañada dun sobre pechada coa correspondente plica, poderá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense ou por correo postal ao seguinte enderezo, facendo constar no exterior “para a XLV edición do Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor”, Deputación de Ourense, rúa do Progreso, 32, 32003 Ourense.

No interior do sobre incluírase:

Un único exemplar da obra en papel, correctamente paxinado e con dobre entreliñado, presentado só baixo lema, sen ningún outro texto identificativo, acompañado dun dispositivo de memoria USB, que inclúa a obra nun único arquivo en PDF.

A plica presentarase nun sobre pechado no que figurará, rotulado por fóra, o lema, e no seu interior:

Nome e apelidos e unha fotocopia do DNI.

Datos de contacto: número de teléfono, correo electrónico e enderezo postal.

Título da obra.

Os sobres que conteñan máis dun orixinal ou que engadan datos que poñan en cuestión o anonimato da obra serán excluídos.



## Terceira. Prazo

Poderán presentarse orixinais ata o día 14 de setembro de 2026, no 129.º aniversario do nacemento en Ourense de Eduardo Blanco-Amor.

## Cuarta. Xurado

O xurado será nomeado pola Fundación Eduardo Blanco-Amor, e estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega, presidido polo director da fundación.

O xurado reunirse na penúltima semana de novembro de 2026 e o seu ditame será inapelable e constará na correspondente acta asinada por todos os membros.

Facúltase o xurado para a interpretación e resolución das posibles dúbidas destas bases no relativo á concesión do premio.

## Quinta. Premio

Outorgarase un único premio indivisible, dotado con 15.000,00 €, coas correspondentes deducións fiscais, e unha peza escultórica orixinal.

O certame poderá ser declarado deserto, se así o estima o xurado por unanimidade.

O acto de entrega do XLV Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor terá lugar o día 5 de decembro de 2026.

## Sexta. Publicación

O gañador ou gañadora do premio, pode escoller libremente a editorial de publicación, quen terá que remitirle á Fundación Blanco-Amor o contrato ordinario de cesión de dereitos asinado co autor ou autora. O acordo de publicación terá que recoller a data de publicación da obra, fixada, como máximo, en seis meses despois do ditame do xurado.

2º. A convocatoria deste premio publicarase no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial.

Ourense, 30 de marzo de 2026. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

**R. 728**

